

## Información de interese ás familias: Solicitud de axudas para alumnos con necesidade específica de apoio educativo para o curso académico 2017-2018.

---

Convócanse, para el curso 2017-2018 as seguintes **axudas individualizadas**:

- a) Axudas directas para os alumnos/as incluíndo aos afectados por TDAH (Trastorno por déficit de atención por hiperactividade) que requiran por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.
- b) Subsidios por necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade ou trastorno grave de conduta para familias numerosas.
- c) Axudas para programas específicos complementarios á educación regrada para alumnado con necesidade específica de apoio educativo asociado a altas capacidades intelectuais.

### Prazo de presentación

---

- Dende o 13 de agosto de 2017
- Ata o 28 de setembro de 2017

### Documentación

---

- Para o caso de presentar necesidade específica de apoio educativo derivada de **discapacidade ou trastorno grave de conduta**, requirirase acreditarlo por algunha das seguintes vías:
  - **Certificado dun equipo de valoración e orientación** dun centro base do Instituto de Maiores e de Servizos Sociais u órgano correspondente da comunidade autónoma.
  - **Certificado dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica** ou do departamento de orientación dependentes da administración educativa correspondente.
  - **Certificado de discapacidade**.
- Se o solicitante require axuda para **reeducación pedagóxica ou da linguaxe**, requirirase, ademais da anterior, a seguinte documentación:
  - **Certificación expedida polo inspector da zona** na que se acredite a necesidade de recibir estes tratamentos pola inexistencia ou insuficiencia da atención pedagóxica proporcionada polo centro no que está escolarizado o alumno solicitante e a inviabilidade de matriculación do alumno solicitante nun centro que dispoña do servizo de reeducación requirido.
  - **Informe específico do equipo de orientación educativa e psicopedagóxica ou do departamento de orientación** no que se detalle a asistencia educativa e as horas semanais que se consideren necesarias para a súa corrección, así

como, no seu caso, as prestadas polo centro, a duración previsible da mesma e as condicións que garanten a súa prestación.

- **Memoria expedida polo centro ou reeducador** que preste o servizo na que conste información detallada das características do mesmo, incluíndo número de horas semanais e especialista que o presta así como del custe mensual.
  - **Declaración responsable** da persoa que imparta a reeducación pedagóxica ou da linguaxe de que reúne os requisitos de formación establecidos na convocatoria.
- Se a unidade familiar superara os límites económicos establecidos na convocatoria para as axudas directas, pero tivera a condición de familia numerosa, a unidade de becas que tramite a súa solicitude poderá propoñer de oficio a concesión de **subsídio**; nese caso, requirirase presentar a documentación que demostre dita condición de familia numerosa a 31 de decembro de 2016.
  - Para el caso de presentar necesidade específica de apoio educativo asociado a **altas capacidades intelectuais**:
    - **Certificado dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica ou do departamento de orientación** dependente da administración educativa correspondente.
    - **Memoria expedida polo centro ou o reeducador** que preste o servizo na que conste as características de dito servizo, así como as horas semanais, o especialista que o presta e o custe.

## Presentación da solicitude

---

- **Solicitantes con certificado recoñecido de firma electrónica:** presentarase a través do rexistro telemático deste Ministerio, adxuntando un escaneado dos certificados correspondentes.
- **Solicitantes sen certificado recoñecido de firma electrónica:** imprimirán o modelo de solicitude e o presentarán, unha vez asinado por todos os membros da unidade familiar que deban facelo, no centro educativo no que se vaian a realizar os estudos durante o curso 2017-2018. **A solicitude non se poderá tramitar se non se presentou no centro de estudos dentro do prazo de presentación de solicitudes.** Dito centro de estudos proporcionará un comprobante selado ao solicitante, que lle servirá de xustificante de ter presentado a solicitude.

Téñase en conta que o solicitante debe limitarse a presentar a solicitude. Será a unidade de becas que tramita dita solicitude a que determinará qué axudas ou subsidios lle poidan corresponder, en función da información e documentación de que dispoña.

## Máis información

---

<https://www.mecd.gob.es/>

<https://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/estudiantes/becas-ayudas/para-estudiar/primaria-secundaria/necesidad-especifica-apoyo-educativo.html#dg1>